



NOTA DE PRENSA

En Pontevedra, a 21 de xuño de 2007.

Mañá sábado 22 de Setembro, a Asociación Pola Defensa da Ría solicitará ao Concello de Pontevedra, vía rexistro, **información detallada sobre as antenas base de telefonía móbil instaladas e en funcionamento na actualidade na nosa cidade que contan coa prescristíbel “Licenza Municipal”, necesaria para poder realizar a súa actividade.**

Esta petición continua o estudo desenvolvido e presentado por esta asociación aos medios de comunicación en xuño deste ano cun mapa das 20 antenas base detectadas na cidade así como das zonas sensíbeis afectadas (colexios, lugares de recreo, centros de maiores, centros sanitarios, ...). Todo iso enmárcase na preocupación polo aumento consecutivo dunha polución invisible como a da electrocontaminación, base da campaña informativa que a APDR está e seguirá levando durante este e os vindeiros meses.

Asinado,

Julio Carmona Barros

Vocal da xunta directiva da APDR